

Asunto: CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022.
ADMITIDOS E EXCLUIDOS.

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

Vista a aprobación por unanimidade do consello de administración de Turismo de Sanxenxo SL en data 13 de maio da organización da *Feira de Artesanía da Vila de Portonovo durante a tempada de verán 2022*, do prego de bases para o *outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da mesma*, da orde de publicación das bases na web do Concello de Sanxenxo, así como a delegación nesta Presidencia da tramitación do devandito expediente administrativo ata a súa adxudicación ou non, polo órgano de contratación.

Vista a publicación das bases do concurso na web do Concello de Sanxenxo (www.sanxenxo.es) en data 13 de maio así como nas súas RRSS, o último día hábil para presentar as instancias foi o 23 de maio engadido, constando como presentadas en prazo as seguintes entidades:

- ASOCIACIÓN DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS. G33400391
- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275
- ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA. G01708510
- ASOCIACIÓN ACTIVA. G87836656

Tal e como se establece na Base 10 do prego e có obxecto de dar continuidade ao procedemento, procedeuse a dar traslado dos sobres 1 das devanditas entidades á asesoría xurídica para a emisión de INFORME XURÍDICO sobre a documentación achegada polos solicitantes, do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na Base 6 do prego, de si existían defectos subsanables con indicación dos mesmos, así como si

finalmente procedía admitir ou non a quen corresponda. Constan no expediente administrativo informes xurídicos en relación ao anterior, de datas 30 de maio e 3 de xuño.

É polo que, esta Presidencia, no uso das súas atribucións, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: ADMITIR no presente procedemento, ás seguintes entidades:

- **ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA.** G15128275
- **ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FISICA.** G01708510

SEGUNDO: EXCLUIR, en base aos informes xurídicos obrantes no expediente, ás seguintes entidades:

- **ASOCIACIÓN ACTIVA.**

«De conformidade coa xustificación prevista no Informe xurídico emitido con data 30 de maio de 2022, dunha análise da documentación aportada pola Asociación Activa constatase a existencia dun incumprimento do establecido na Base 6.B do Prego reitor da convocatoria: á vista do establecido nos Estatutos da Asociación, non nos atopamos ante unha entidade que teña por obxecto de maneira específica a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.

*Trátase dunha entidade que ten como fin, de maneira xenérica, a representación e agrupación de todas aquelas persoas físicas e xurídicas que realicen unha actividade comercial ambulante, incluíndo como actividades para a consecución destes fins a organización de eventos vinculados coa venda ambulante. Dito doutro modo: o ámbito desta entidade non é a representación dos intereses dos artesáns especificamente, nin a realización de actividades exclusivamente artesanais. O seu obxecto estendese á venda ambulante con carácter xeral, e comprende a representación e defensa de todas aquelas persoas que levan a cabo actividades de venda fora de establecemento comercial permanente (incluíndo artigos e servizos non estritamente derivados da artesanía). Por este motivo, entendemos que a oferta presentada pola Asociación **non reúne todos os***

requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida, incumpríndose unha condición básica de capacidade”.

- ASOCIACIÓN DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS.

«De conformidade coa xustificación prevista no Informe xurídico emitido con data 30 de maio de 2022, dunha análise da documentación aportada pola Asociación de Vendedores de Calle de Asturias constatase a existencia dun incumprimento do establecido na Base 6.B do Prego reitor da convocatoria: á vista do establecido nos Estatutos da Asociación, non nos atopamos ante unha entidade que teña por obxecto de maneira específica a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.

Trátase dunha entidade conformada non por artesáns, senón por persoas que teñan como actividade calquera tipo de venda fora dun establecemento comercial permanente, na vía pública, espazos abertos, emprazamentos autorizados, e que exerzan a actividade en Asturias a título principal, e teñan como obxecto a venda de artesanía, pero tamén bixutería, complementos e artigos de ornato. Dito doutro modo: o ámbito desta entidade non é a representación dos intereses dos artesáns especificamente, nin a realización de actividades exclusivamente artesanais. O seu obxecto estendese á venda ambulante con carácter xeral, e comprende a defensa de todas aquelas persoas que levan a cabo actividades de venda fora de establecemento comercial permanente (incluíndo artigos e servizos non estritamente derivados da artesanía). Precisar que a venda ambulante podería amparar actividades de venda de produtos alimenticios e a revenda de produtos, algo que precisamente se busca evitar neste evento, limitado única e exclusivamente a venda e actividades de valor engadido, singular valor artístico e popular, e cunhas características determinadas (máis limitadas que as que poden levarse a cabo con carácter xeral nos postos de venda ambulante).

Ademais do anterior, é preciso ter en consideración que o ámbito desta Asociación límitase, territorialmente, ao Principado de Asturias, o que a priori suporía a imposibilidade desta entidade de levar a cabo as actividades de organización e xestión de eventos e Feiras desta tipoloxía fora do ámbito de dita Comunidade Autónoma. Elo impediría a organización da Feira que nos ocupa, no termo municipal de Sanxenxo, fora do ámbito de actuación asociacional.

*Por estes motivos, entendemos que a oferta presentada pola **Asociación non reúne todos os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida, incumprándose unha condición básica de capacidade***”.

TERCEIRO: Notificar esta Resolución aos interesados e publicar a mesma na páxina web do Concello, tal e como consta nas bases aprobadas no seu día.

CUARTO: Continuar coa apertura da documentación das dúas entidades admitidas segundo o presentado no seu día a través de Sede Electrónica do Concello (Sobres 2) e dar traslado do contido dos mesmos aos técnicos designados para a valoración segundo o establecido nas bases, así como para a emisión dos informes técnicos correspondentes no menor prazo de tempo posible.

En Sanxenxo a 6 de xuño de 2022, asinado electrónicamente pola Alcaldía-Presidencia.

